



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 24 de xaneiro de 2015

Antecedentes

Visto que mediante Resolución da Alcaldía do 24.11.2014 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a adxudicación do “SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO COMPRENSIVO DAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOLOXÍA APLICADA E MEDICINA NO TRABALLO”, por procedemento negociado sen publicidade e asímesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 15.12.2014 procedeuse á apertura da documentación correspondente ás ofertas económicas sendo a presentada polo Grupo MGO S.A. a economicamente mais ventaxosa de acordo coa seguinte Táboa:

EMPRESA	SERVIZO PREVENCIÓN	IVE	MEDICINA NO TRABALLO	TOTAL
FREMAP	612,00€	128,52€	1640	2380,52€
MUGATRA	665,00€	139,65€	1600	2404,65€
ASPY	686,50€	144,17€	1650	2480,67€
MGO	635,73€	133,50€	1538,46	2307,69€

Visto que mediante Providencia da Alcaldía do 16.12.2014 acordouse requirir á empresa “Grupo MGO S.A.”, como oferta economicamente máis ventaxosa, para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES seguintes á recepción do requirimento aportase a documentación expresada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas e a constitución da garantía definitiva.

Visto que con data de 26.12.2014 a empresa Grupo MGO S.A. aporta documentación con respecto a este particular.

Vista a Providencia da Alcaldía do 13.01.2015 que resolveu considerar retirada a oferta da empresa Grupo MGO S.A. ao non aportar a totalidade da documentación requirida polo prego de cláusulas administrativas particulares e incurrir en prohibición de contratar requirindo a “PREMAP Seguridad y Salud S.L.U.”, como segunda oferta economicamente máis ventaxosa no procedemento de licitación para que, dentro do prazo de **CINCO DÍAS HÁBILES**, seguintes á recepción do presente requirimento aportase:

2.1.A constitución da garantía definitiva do contrato que ascende a 108,71 €.

2.2.Documentación expresada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

Visto que “PREMAP Seguridad y Salud S.L.U.” aportou o 19.01.2015 (R/200) a documentación que acredita a inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade



Autónoma de Galicia e o cumprimento dos requisitos expresados na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas e a garantía definitiva.

Fundamentos Xurídicos

Visto o disposto no artigo 83.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro que establece que a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do no reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concurrencia ou non concurrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

Visto que a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias a efectos da contratación coa mesma, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial, e cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outras.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro,

RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato de servizo de “SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO COMPRENSIVO DAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOLOXÍA APLICADA E MEDICINA NO TRABALLO” a “PREMAP Seguridad y Salud S.L.U.” de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:


Total:

Servizo de Prevención: 612,00 € IVE 128,52 €

Medicina do Traballo: 1640 €

Total: 2380,52 €

2. Informar ao resto de licitadores resultaron descartadas consonte aos criterios de adxudicación establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares do expediente e de acordo coa táboa que se desglosa nos antecedentes da presente Resolución (prezo mais baixo).





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

3. Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 24 de xaneiro de 2015

O Alcalde accidental

Fernando Vázquez Corbacho

O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

